

●●● Emma Pedreira ou Olga Novo, galardoada co Premio Nacional de Poesía por esa sublimación erótica da maternidade que é o libro *Feliz idade*.

Para María do Cebreiro, se despregamos o mapa máis alá de Galicia, unha pioneira é Jane Lazarre, que publicou no 76 *Nudo materno*, «un libro que funda unha estirpe de textos feministas sobre a maternidade». «A min dáme medo o de descubrir Mediterráneos, pero o que si creo que é novo é o que chamo 'xiro discursivo da maternidade': que se poña enriba da mesa tanto en blogs, en foros de crianza como no literario, no nivel periodístico... Parece que a maternidade está por todas partes! Pero eu véxoo como un indicio da carencia do coidado da maternidade. Porque non hai fillos na nosa sociedade. É unha deriva enferma, porque se fala, se fala e se fala, pero non se fai», comparte a autora de (*Nós, as inadaptadas*).

«LITERATURA MATROFÓBICA»

Cando María do Cebreiro comezou a escribir o ensaio distinguido co Ramón Piñeiro viu que «había moi boa literatura feminista en contra da maternidade, boa literatura de ficción sobre o aborto, pero bordeando a maternidade. Literatura, se queres, matrofóbica, pero pouca literatura ensaística, de calidade, rigorosa, a favor da maternidade. Eu sentín a necesidade de dicir: pódese escribir de maneira intelixente nunha posición de parte e, ao tempo, sendo crítica. Porque son crítica co modelo virtuoso do neoliberalismo».

Ela, que nesta argumentación pon como exemplo *Madres arrepentidas*, de Orna Donath, cuestiona a polaridade nai/non nai, «porque a quen lle interesa esta

polaridade? Empezaría por varrer ese enfrontamento, o de hai un discurso da nai e hai un discurso da non nai. Con estas confrontacións, alguén estase frotando as mans! Tamén cuestiono a confrontación entre a nai que dá de comer co Baby Led Weaning (en trociños) e a mala nai. Ao final, as prexudicadas son todas as nais, todas as mulleres».

«Cando hai unha temática que sempre foi de nicho, e esa temática comeza a ter un desenvolvemento, sobre todo por mulleres, prodúcese unha reacción que percibe a aparición deses discursos, ou a fisura no que son os temas canónicos, como unha invasión na literatura. Non se trata dunha invasión, senón dunha fisura ou un cuestionamento dos temas hexemónicos, nos temas que se consideran importantes», achega Berta Dávila (Santiago, 1987), que nos interpela coa voz da nai que decide non selo por segunda vez na novela *Os seres queridos*, premio Xerais.

«O canon literario é masculino —recorda Berta Dávila—. E o perverso é que ese canon se nos foi presentado como un canon universal».

As poetas galegas dos noventa falaron da maternidade «de forma natural, sen vinculo (aínda que hai unha ollada de xénero) a unha reivindicación feminista clara», subliña López Silva. «Elas son a primeira xeración galega que decide encarar a maternidade», asevera.

Mais da maternidade tamén deben falar as non nais, as que decidiron non selo, para non deixar o tema no nicho. Esta escolla aleitou *Materia*, de Yolanda Castaño (Santiago, 1977), un dos poemarios do ano. A poeta e dinamizadora cultural, que atende a Fugas desde Atenas, fai fincapé nas «maternidades disidentes». «Esas ma-

ternidades alternativas deben interesarnos a todas e a todos. Temos que repensar as maternidades e as crianzas, abandonando os clichés, dándolles unha nova volta máis honesta, máis realista, máis sostible e máis desexable para todas as partes. E máis real. Esas maternidades disidentes engloban moitas ideas feministas e, polo tanto, humanistas. A esixencia de ser unha nai perfecta está conectada coa de ser unha muller perfecta, unha boa amante, fermosa e en forma, eficiente e cumpridora do deber!». O deber da literatura, concordan estas autoras, é cuestionar os estereotipos.

Xa están as nais e as non nais na literatura galega escauchando os moldes do arquetipo? «Hai relatos sobre a maternidade, pero aínda non teñen un estatus fóra do subalterno. Tamén depende de quen o considere...», pensa Berta Dávila. *Os seres queridos* é premio Xerais, a contundencia do dato. «Pero iso non significa que estea o camiño feito —matiza—. Hai voces, pero creo que segue sen ser desigualmente recibido un texto de temática canónica que outros que tratan temas deste tipo». «Desmontar o estatu quo é xusto o reto da literatura», considera Yolanda Castaño expresando un sentir común nelas. A autora de *A segunda lingua* atravesou «esa franxa da idade na que as mulleres dun xeito ou doutro» se enfrontan á decisión vital «de sermos nais ou non sermos nais». «Por iso, acabei eu reflexionando tamén sobre a maternidade», revela. A voz da súa historia é fecunda, un parto no que dor e pracer descenden pola canle misteriosa da poesía.

O valor destas novas propostas maternais alternativas é que xa non hai unha mutilación emocional nin un afán edul-

corante para encaixar nese riquísimo cultural do que fala María Xosé Queizán?

«Eu aínda vexo —opón Berta Dávila— unha necesidade un tanto extravagante de situar a experiencia maternal dentro do íntimo e de retirarlle o estatus político e discursivo que ten». Custa facer da maternidade cuestión central, relato lexitimado, iso sen dúbida. E niso traballan estas creadoras. «Custou e custa —asente López Silva—. É o gran tema da feminidade; fíxate que non digo *feminismo*. E, como gran tema da feminidade, non se toma en serio», di a autora, que se manifesta en desacordo con esa corrente de «feminismo ecoloxista» que pon sobre a mesa a maternidade como «aquilo que non se define». «Non podedes esquecer que moitas das conquistas do feminismo foron feitas polas lesbianas, e aí a maternidade non estaba... O punto de vista estaba no dereito a ser nai, non na realización como nai», explica a ensaísta. Cando ela decidiu escribir *Maternosofía*, conta, quixo que fose «un ensaio adrede», entendendo que «había que falar da maternidade non desde os sentimentos, senón desde o pensamento».

As autoras desta reportaxe encaixan nese pensar a maternidade sen excluír a liberdade da muller, máis alá do instinto ou os mandatos biolóxicos ou os do sistema, sen deixarse engaiolar polas consignas neoliberais ou no *ring* ideolóxico.

A literatura é para elas —á vista nas súas obras— eira na que debullar matices, contradicións, mudanzas, sutilezas.

No seu traballo hai pracer, «desexo como forza motor». E o desexo, o verdadeiro, non fai fillos perfectos. Ás veces hai que quitarlle antefaces e cueiros para descubrir a súa misteriosa intelixencia.

«COMO GRAN TEMA DA FEMINIDADE, A MATERNIDADE NON SE TOMA EN SERIO, CUSTA QUE SEXA RELATO CENTRAL»

Dos hermanas al compás de un reloj biológico

●●● BELÉN ARAUJO

Para recomendar este debut literario de la escritora noruega Marie Aubert (Oslo, 1979), el librero aseguró que se trataba de un título muy reflexivo, una clásica novela de personajes. Dijo que era una historia redonda, que se había vendido muy bien desde su lanzamiento. Y para acabar, añadió: «Además, mira esta portada. ¡Da tanta paz!».

Si usted llegó a la misma conclusión tras ojear esta página y ver a Ida, la protagonista, flotando en un mar calmado y enfundada con un bonito bañador rojo carmín, sepa que ha sido engañado. Este libro trae de todo menos paz.

BATALLA FRATERNAL

Bajo el amparo de ese mar azul intenso, se esconde una historia beligerante. La historia de dos hermanas que, como cada verano, se reúnen en la cabaña familiar para pasar unos días lejos de la ciudad. Pero ni el paisaje idílico entre fiordos, ni la excusa de la celebración del 65 cumpleaños de su madre son capaces de



frenar lo irrefrenable: la relación de Ida y Marthe es un caballo desbocado.

Pronto —a los cinco o seis minutos de convivencia— comienzan a aflorar los rencores que una y otra tienen guardados en el cajón de las cuentas pendientes y, como nos pasa a todos, aquí cada una es la heroína de su propia historia. Así que conforme pasan las horas, van dejando de ser adultas y se convierten en su versión más inmadura, incorrecta. Esa que siempre encuentra insolentes los gestos de los demás y totalmente justificadas todas las acciones propias.

Ante este retrato crudo, honesto e incó-



«ADULTOS»

MARIE AUBERT

●●● EDITORIAL NÓRDICA
PÁGINAS 200
PRECIO 19,50

modo de la envidia fraternal, uno se acaba preguntando: pero ¿estas dos se quieren? Y sí, se quieren, les une la sangre. Pero, a la vez, no pueden evitar que haya algo de veneno en cada palabra.

Y LLEGA LA CRISIS DE LOS 40

Asistimos a este toma y daca entre hermanas a través de los ojos de Ida, la mayor. Su éxito laboral no logra satisfacerla del todo y cree que, a sus recién cumplidos 40 años, todavía no ha decidido quién quiere ser en la vida. ¿Querría ser madre? No lo sabe. ¿Querría tener una pareja estable? No lo sabe. Lo que tiene claro es que

quiere dejar las puertas abiertas a todas esas opciones, aunque el tiempo avance rápido y algunas de ellas ya estén muy cerca del portazo.

Es ese reloj biológico, pero también social, el lugar común de las hermanas. Ambas, dudosas de si la maternidad es para ellas, caminan en esa dirección porque ¿qué otra cosa puede hacer una mujer pasada la treintena? Parece lo correcto, la norma que tenemos grabada en la piel desde la primera casa de muñecas. No hay quien rompa esa inercia.

Entre unas cosas y otras, parece que Ida no encuentra la paz prometida por esa mujer en bañador rojo. Ni con su hermana, ni con su futuro, ni consigo misma.

Este libro, Premio de la Crítica Joven en Noruega, le desvelará los secretos de una relación familiar complicada, disfuncional y que grita por encontrar la estabilidad que merece. Le reconciliará con su lado más irreverente, voraz y adolescente —que a veces es el más adecuado para hacer frente a la vida adulta—. Le enseñará a abrazar la imperfección. Y le recordará, una vez más, que nunca hay que juzgar un libro por su portada.